

Balance do turismo en Galicia

Marco turístico - Ano 2024

Fonte: ETR/FRONTUR/EGATUR



TURISMO
DE
GALICIA

galicia

MARCO TURÍSTICO 2024

Turistas

11,9 mill.

(+4,3%)

Noites

64,2 mill.

(+11,1%)

**Duración
viaxe**

5,4 noites

(+6,5%)

**T.
Internacional
(noites)**

25,2%

(+0,6 ptos)

Compostelas

499.179

(+11,9%)

Excursións

15,7 mill.

(-3,7%)

**Gasto
total**

**5.446,9
mill.**

(+18,0%)

**Gasto
medio
diario**

Turistas

84,9 €

(+6,2%)

**Gasto
medio
diario**

Excursionistas

48,8 €

(+7,1%)




MARCO TURÍSTICO 2024


Con datos finais das enquisas de demanda do INE –ETR para o turismo de ámbito nacional e FRONTUR/EGATUR para o internacional- conclúese que no pasado ano 2024 visitaron Galicia un total de 11,9 millóns de turistas que xeraron 64,2 millóns de noites no conxunto da comunidade. O volume de turistas supera nun 4,3% o dato do pasado ano 2023, situándose por vez primeira desde a pandemia por encima do valor de 2019 –nun 2,7% neste caso-. O nivel de demanda medido polo número de noites rexistra tamén un comportamento positivo, superando nun 11,1% o dato do pasado ano 2023 e nun 18% o nivel de 2019 –marcando con isto un máximo da serie-.

A duración media da viaxe a Galicia sitúase en 5,4 noites, cifra que supera tamén o nivel do pasado ano –nun 6,5%- así como os valores habituais da comunidade –no trienio 2017-19 situábase no contorno de 4,6 noites- logo de ascender a 6,2 días de media en 2020. A pandemia provocou unha caída do número de viaxes pero ao mesmo tempo un incremento da duración das mesmas, e a progresiva recuperación da actividade turística leva ao regreso a niveis habituais na comunidade se ben nun sentido estrito acada agora o valor máis elevado da serie sen ter en conta o período de pandemia.

Turistas con destino principal Galicia. 2016-24



Duración da viaxe a Galicia. 2016-24




MARCO TURÍSTICO 2024

O 85% dos turistas que visita Galicia é de orixe estatal, porcentaxe que inclúe aos residentes na comunidade –o turismo interno, que supón o 52% do total dos turistas- e aos que proveñen do resto do Estado –turismo receptor nacional, que representa neste caso o 33%- . Un 15% dos turistas son de orixe internacional. Esta estrutura amosa un notable peso do mercado interno en Galicia pois máis da metade dos turistas teñen orixe na propia comunidade.


A estrutura cambia se analizamos as cifras desde o punto de vista das noites. Neste caso o peso do mercado interno sitúase no 29%, o do receptor nacional no 46% e o do internacional no 25%. A diferenza radica na duración das viaxes de cada un dos segmentos considerados. Así, neste ano 2024 o turista interno fica de media 3,0 noites na comunidade, o que procede do resto do Estado 7,6 noites mentres que o turista estranxeiro permanece, de media, 8,8 noites.

Desde o punto de vista das pernoctacións, por tanto, o mercado receptor absorbe sete de cada dez noites sendo aquel de ámbito nacional –españóis procedentes doutras comunidades autónomas- o de maior peso na comunidade –co 46% do total-.

Peso dos mercados turísticos en Galicia. Turistas 2024



Duración da viaxe a Galicia, por mercados. Ano 2024




MARCO TURÍSTICO 2024

O incremento do número de turistas en relación ao pasado ano vén como consecuencia do bo comportamento observado por dous dos tres grandes segmentos de mercado, con intensidade variable. Así, en 2024 sobe o turismo interno –nun 5%- e o internacional –nun 13% neste caso-, manténdose estable o que procede do resto do Estado –o receptor nacional-.


O bo comportamento do mercado internacional permite a este segmento superar tamén o número de turistas previo á pandemia, de 2019 –igualmente nun 13%- O receptor nacional mantense tamén por encima das cifras anteriores á crise mais o interno, a pesar do bo comportamento observado neste ano, continúa por debaixo dos valores de 2019 –cunha porcentaxe de recuperación do 92% neste caso-.

O comportamento do número de turistas segundo a procedencia vén apoiado por unha mellora da estadía media no caso do segmento nacional e estabilidade no internacional. A combinación de ambos factores leva a unha dinámica positiva dos tres grandes segmentos de mercado segundo o número de noites, con incrementos do 13% para o interno, do 8% para o receptor nacional e do 14% para o internacional.

**Variación da demanda por procedencia. Turistas
2024/23**



**Variación da demanda por procedencia. Noites
2024/23**



MARCO TURÍSTICO 2024


O 42% dos turistas elixe algunha modalidade de aloxamento de mercado durante a súa visita a Galicia, cifra que engloba aos hoteis e tipoloxías similares –co 26,4%- e outras modalidades como os cámpings, albergues ou vivendas turísticas, entre outras –co 15,9% neste caso-. A maior parte dos turistas opta en realidade por alternativas fóra de mercado –o 58% neste caso- destacando o uso da casa de familiares/amigos.

O tipo de aloxamento utilizado cambia notablemente en función do mercado de orixe. Así o turista interno, residente en Galicia, opta fundamentalmente por modalidades fóra de mercado –o 78%-, destacado a casa de familiares/amigos ou a segunda residencia. Pouco máis do 20% prefire alternativas “de mercado”.


O turista español que vén de fóra de Galicia ten un perfil máis heteroxéneo –o 32% elixe o hotel ou similares, o 24% outras alternativas de mercado e o 44% modalidades fóra de mercado-.

O uso do hotel e similares é a opción preferida polo turista internacional. Así, o 71% dos mesmos elixe esta alternativa fronte ao 13% que prefire outras modalidades de mercado ou o 17% que elixe alternativas fóra de mercado.

**Distribución da demanda por tipo de aloxamento.
Turistas 2024**



Tipo de aloxamento preferente segundo o mercado de orixe. Ano 2024




MARCO TURÍSTICO 2024

O incremento do número de turistas en relación ao pasado ano é unha característica que se produce en dous segmentos concretos do aloxamento: nos hoteis e tipoloxías similares –que rexistran un crecemento do 4,3%- e nas alternativas fóra de mercado –que presentan un incremento global do 8,1% neste caso-. Contrasta isto co descenso observado nas alternativas de aloxamento de mercado fóra dos hoteis –inclúe a cámpings, albergues, turismo rural ou vivendas de uso turístico, entre outras-, que cae un 7,6% neste caso.


O comportamento do número de turistas nas diferentes tipoloxías de aloxamento presenta variacións de diferente dirección e intensidade segundo o mercado de orixe. Os residentes en Galicia presentan unha dinámica positiva no aloxamento fóra de mercado –sobe un 11%- e un descenso global no aloxamento de mercado –do 10% en hoteis e similares, e do 15% nas restantes modalidades-. Os españois residentes noutras comunidade autónomas optaron tamén por un incremento no uso de tipoloxías de aloxamento fóra de mercado –coa suba do 2%-, estabilidade nos hoteis e caída nas restantes modalidades –do 4%-.

O mercado internacional amosa, en cambio, un comportamento positivo no aloxamento de mercado, con subas do 19% no segmento dos hoteis e do 7% nas restantes modalidades, e suave caída no ámbito fóra de mercado.

Variación da demanda por tipo de aloxamento. Turistas 2024/23



Variación da demanda por tipo de aloxamento e mercado de orixe. 2024/23




MARCO TURÍSTICO 2024

No pasado ano 2024 os turistas de Galicia visitan a nosa comunidade por dous grandes motivos fundamentalmente: por vacacións e/ou ocio –o 51% do total- e para visitar a familiares e/ou amigos –o 34%- . Un 8% viaxa por traballo/negocios mentres que o 8% restante faíno por outros motivos.


Esta distribución cambia segundo o segmento de mercado de orixe. Así, o turista interno viaxa pola comunidade principalmente para visitar a familiares/amigos –o 42%- e tamén, nunha porcentaxe similar, por vacacións –o 41% neste caso-. O mercado receptor, en cambio, visita a comunidade por motivos de ocio –así o manifesta o 53% dos españois que proceden doutras comunidades autónomas e o 76% dos estranxeiros-, quedando os restantes motivos cun peso menor.

Nos tres segmentos de mercado o turismo de negocios ten un peso semellante, do contorno do 8% sobre o total.

**Distribución da demanda segundo motivo da viaxe.
Turistas 2024**



Motivo da viaxe segundo o mercado de orixe. Ano 2024



MARCO TURÍSTICO 2024


Os diferentes segmentos de mercado segundo o motivo da visita presentan un comportamento variable, algo diferente neste ano 2024. Aquel de maior volume e peso, o vacacional, rexista un incremento do 8,5% en relación ao pasado ano 2023, con pouco máis de 6,0 millóns de turistas –circunstancia que permite por vez primeira desde a pandemia acadar o nivel de 2019-.

O segundo grande segmento -mercado que viaxa a Galicia para visitar a familiares e/ou amigos- amosa, en cambio, un leve descenso do 3% en relación ao pasado ano –son pouco máis de catro millóns de turistas neste caso-. O segmento de negocios presenta tamén un leve descenso, do 1,0%, mentres que o dos restantes motivos rexista un incremento do 20% –circunstancia que ten un efecto menor por canto atinxe a un volume baixo de demanda-.


O bo comportamento do segmento vacacional é unha particularidade que se observa no turismo interno –coa suba do 13%- e internacional –co incremento do 18% neste caso-. Descende, en cambio, no receptor nacional –apenas un 2%-.

En cambio, a leve caída do segmento de visita a familiares/amigos vén como consecuencia de variacións dispares nos mercados, con caída no interno e internacional e crecemento no receptor nacional.

Variación da demanda por motivo da visita. Turistas 2024/23



Variación da demanda por motivo da visita e mercado de orixe. 2024/23



TURISMO NACIONAL - ETR


No ámbito nacional a operación que mide o volume e características do turismo é a Enquisa de Turismo de Residentes (ETR). Esta operación ofrece datos trimestrais cun retardo de cinco meses.

Así, segundo esta operación no pasado ano 2024 realizáronse 10,1 millóns de viaxes dos españois con destino principal Galicia, cifra que supera nun 2,8% o dato do anterior 2023 e tamén, por vez primeira desde a pandemia, o de 2019 –con 100 mil viaxes de diferenza-.


O 37% das viaxes realízanse no terceiro trimestre do ano sendo agosto o mes de maior afluencia turística a Galicia –con preto de 1,8 millóns de viaxes absorbe o 17% do total deste 2024-. A evolución ao longo do ano reflicte un comportamento dispar en termos de variación interanual, alternándose meses de crecemento con meses de caídas de diversa intensidade. Así, obsérvase un comportamento positivo na temporada baixa –no primeiro trimestre e nos últimos dous meses do ano-. Descende, en cambio, o número de turistas na temporada media, concretamente en abril, maio, setembro e outubro. Nos meses centrais do ano –de xuño a agosto- apréciase maior estabilidade con variacións do contorno do 1% interanual.

O regreso á “normalidade” no comportamento da demanda turística ten como consecuencia que a evolución do número de turistas ao longo do ano manteña o carácter estacional, con incremento suave da demanda de xaneiro a xuño –cun pico na Semana Santa-, forte suba no verán –período de maior afluencia turística á comunidade- e volta a niveis propios da temporada media e baixa na parte final do ano –cun repunte en decembro polo Nadal-.

Turismo nacional en Galicia. ETR 2024



Turismo nacional en Galicia. Var. 2024/23, por meses



TURISMO NACIONAL - ETR


Neste pasado ano 2024 dúas de cada tres noites realizadas polo turista español en Galicia rexístrase no segmento do aloxamento “fóra de mercado”, sendo a vivenda de familiares e/ou amigos a tipoloxía máis demandada. O terzo restante corresponde, en cambio, a algunha modalidade denominada “de mercado” entre as que destacan o uso do hotel ou apartahotel e a vivenda en aluguer.

Máis polo miúdo obsérvase que o 42% das noites corresponden ao uso de vivendas de familiares e/ou amigos, tipoloxía máis demandada e que se sitúa fóra do mercado. Colócanse a continuación a vivenda en propiedade ou segunda residencia –co 21%-, a vivenda de aluguer –co 14%- e o hotel ou apartahotel –co 12% neste caso-. Estas catro modalidades absorben en conxunto a case o 90% do total das noites.

A vivenda de familiares e/ou amigos é a tipoloxía máis usada tanto polo turista residente en Galicia coma polo que procede do resto do Estado, en proporcións importantes que se sitúan no 46% para os primeiros e no 39% para os segundos. O 29% das noites dos residentes corresponden á segunda residencia, e o 8% para a vivenda en aluguer.

No caso da demanda receptora nacional, logo da vivenda de familiares e/ou amigos as seguintes tipoloxías de maior uso son a vivenda de aluguer –co 18%-, a vivenda en propiedade ou segunda residencia e o hotel e tipoloxías similares –ambas co 16% neste caso-.

Aloxamento utilizado polo turista nacional. Noites 2024



Principais tipoloxías por segmento de mercado



TURISMO NACIONAL - ETR


O turista residente en Galicia viaxa principalmente pola comunidade en fin de semana –así o manifestan o 55% dos mesmos neste ano 2024, porcentaxe inferior á de 2023-. O 22% viaxa en períodos vacacionais concretos entre os que destacan as viaxes en pontes ou as vacacións de verán. O 23% realiza outro tipo de viaxes de perfil variado nos que se inclúen os motivos laborais, estudos e desprazamentos por motivos persoais en calquera momento do ano.

En cambio, o turista español residente fóra de Galicia viaxa á comunidade principalmente en período vacacionais –así o manifesta case a metade dos mesmos-, destacando as vacacións do verán co 33% do total. O 14% visita a comunidade en fin de semana mentres que o 37% restante viaxa en calquera momento do ano por motivos variados e asociados a desprazamentos de traballo, estudos e motivos persoais.


Entre as principais actividades que realizan os españois na súa viaxe a Galicia destacan a visita a familiares e/ou amigos –o 50%-, o disfrute da praia –o 23%, a práctica de sendeirismo ou montañismo –o 21%- e a visita a lugares de especial interese turístico como as cidades –o 20%- e os espazos naturais –o 16% neste caso-.

Ambos segmentos de mercado presentan como principal actividade a visita a familiares e/ou amigos en proporcións importantes. Difiren en cambio nas segundas opcións, que se sitúan en actividades de natureza como o sendeirismo e o disfrute da praia para o turista residente en Galicia e en actividades culturais e visita a cidades para o que provén de fóra de Galicia.

Tipo de viaxe, segundo mercado de orixe. Ano 2024



Principais actividades realizadas. Ano 2024



TURISMO INTERNACIONAL - FRONTUR

No ámbito do turismo internacional existe unha fonte específica que mide o volume e características deste segmento da demanda: FRONTUR. Segundo esta operación neste ano 2024 visitaron Galicia máis de 1,8 millóns de turistas estranxeiros, cifra que inclúe a aqueles que se aloxan en establecementos regrados e non regrados e que, segundo o INE, superou nun 13% a cifra do pasado ano. Este incremento permite a este segmento situarse por vez primeira desde a pandemia por encima dos niveis de 2019, cun incremento tamén do 13%. O grao de recuperación do mercado internacional foi lento inicialmente segundo esta fonte, pero rexistrou un forte impulso nos últimos dous anos que levou a rexistrar agora en 2024 un máximo da serie histórica.

O 44% dos turistas estranxeiros teñen orixe no país veciño, Portugal, constituíndo o noso principal mercado emisor. O 56% procede, en consecuencia, dos restantes países destacando neste grupo Francia -co 8,2%- e EE.UU. -co 6,2% do total internacional-. Esta fonte recolle tamén o forte impulso do mercado americano neste 2024.

O excursionismo internacional, procedente na súa meirande parte tamén de Portugal –en particular o 86%-, estímase en preto de 2,7 millóns de persoas durante todo o ano –un 1,4% menos que en 2023 e tamén un 5% menos que no anterior ano 2019-. Este segmento fica, por tanto, por debaixo dos valores anteriores á crise como consecuencia principalmente do descenso do excursionismo procedente do país veciño.

Turismo internacional en Galicia. FRONTUR ano 2024

	Ano 2024	Var. 2024/23	Peso
TURISTAS INTERNACIONAIS	1.832.907	13,4%	100,0%
Portugal	800.245	11,6%	43,7%
Resto países	1.032.661	14,7%	56,3%
EXCURSIONISMO INTERNACIONAL	2.709.651	-1,4%	100,0%
Portugal	2.335.180	-3,5%	86,2%
Resto países	374.471	14,2%	13,8%



TURISMO INTERNACIONAL - FRONTUR


O incremento do turismo internacional en Galicia agora en 2024 vén como consecuencia do bo comportamento observado en todos os mercados estranxeiros. O principal deles, Portugal, supera nun 12% o número de turistas do pasado ano marcando con isto un máximo da serie histórica con 800 mil. Amosa tamén subas importantes os restantes mercados prioritarios –do 25% Alemaña ou do 9% Francia, entre outros-.

Tomando en consideración datos máis globais obsérvase un comportamento positivo tanto do mercado europeo –o conxunto de Europa sen Portugal presenta unha suba do 3,5%- coma sobre todo do americano e do resto do mundo –do 38% neste caso-.


O 76% dos turistas visitou a nosa comunidade por Vacacións/Ocio, segmento que destaca sobre os restantes considerados –un 9% visitou Galicia por motivos persoais e un 8% fíxoo por negocios-. O 6% afirma visitar a nosa comunidade por outros motivos.

Os perfiles vacacionais e de negocios superan os volumes de turistas do pasado ano –con maior intensidade estes últimos, coa suba do 36%- . Destaca tamén o bo comportamento do segmento de vacacións e ocio, co incremento do 18%. En cambio, descenso de forma notable o segmento de turistas que visita Galicia por motivos persoais, un 40% neste caso.

Variación do turismo internacional, por procedencia. 2024/23



Variación do turismo internacional. Principais segmentos por motivación, 2024/23




TURISMO INTERNACIONAL - FRONTUR

O 83% dos turistas estranxeiros que visitaron Galicia neste ano 2024 aloxáronse nalgũa modalidade denominada “de mercado”, isto é, adquirindo o servizo a cambio dun prezo. Destaca singularmente o uso do hotel e tipoloxías similares –co 71% do total- fronte ás restantes alternativas. O 17% opta por modalidades “fóra de mercado” entre as que destacan a vivenda de familiares/amigos –co 13%- e a vivenda en propiedade ou segunda residencia –co 2% do total neste caso-.


Todos os segmentos de aloxamento de mercado presentan un comportamento positivo en relación ao pasado ano, superando o volume de turistas de 2023 nun 19% os hoteis e tipoloxías similares, nun 5% os cámpings e nun 8% as restantes modalidades. Destaca neste último grupo o aloxamento de aluguer, que supera en máis dun 70% o número de turistas do pasado ano. O segmento de “fóra de mercado” fica en cambio levemente por debaixo dos niveis anteriores á crise, con comportamento dispar entre a vivenda de familiares e/ou amigos –sobe un 7%- e as restantes tipoloxías.

Esta diversidade de comportamento afecta á estrutura da demanda e no segmento internacional obsérvase un reforzo do peso do segmento dos hoteis e similares –de tres puntos porcentuais- e, en cambio, unha perda de cuota de mercado das restantes modalidades, igual ou inferior ao punto porcentual pero que en conxunto agregan unha caída de tres puntos sobre a estrutura global.

Aloxamento utilizado polo turista internacional, e variación interanual. Ano 2024



Cambio no perfil da demanda internacional, segundo aloxamento. Ano 2024/23



GASTO TURÍSTICO

En termos de gasto, utilizando as operacións da Enquisa de Turismo de Residentes para o ámbito nacional e FRONTUR/EGATUR para o internacional, estímase que neste ano 2024 o gasto total dos turistas en Galicia ascende a 5.447 millóns de euros, cifra que supera nun 18% o nivel do pasado ano e nun 60% a cifra de 2019, marcando con isto un máximo da serie histórica na comunidade.


O 51% do gasto corresponde ao turismo de ámbito nacional –o 14% vén dos residentes en Galicia e o 37% do turismo procedente do resto do Estado– mentres que o 49% restante provén do turismo internacional.

En termos de gasto medio diario obsérvase neste 2024 un comportamento variable para os tres segmentos de mercado, con evolucións de diversa dirección e intensidade.

O gasto medio diario do turista nacional presenta unha variación máis suave. O do residente en Galicia descende un 3% -situándose en 42,2 euros por persoa e día- mentres que o do turista de fóra da comunidade mantense relativamente estable en 67,9 euros por persoa e día neste caso. O internacional presenta en cambio un notable incremento –do 13% neste caso–, con 164,8 euros por persoa e día.

A pesar desta dinámica variable os tres segmentos de mercado superan os niveis de gasto medio diario de 2019, marcando o internacional agora en 2024 máximos da serie histórica.

Gasto total dos turistas en Galicia. 2016-24



Gasto medio diario dos turistas, por mercados. Volume e variación 2024/23

	Interno	Recep. Nacional	Internacional
GASTO MEDIO DIARIO	42,2 €	67,9 €	164,8 €
Var. 2024/23	-2,8%	0,5%	12,9%




EXCURSIONISMO 2024

O excursionismo en Galicia ten un marcado carácter interno. Con datos das enquisas de demanda do INE –ETR para o turismo de ámbito nacional e FRONTUR/EGATUR para o internacional- estímase que no pasado ano 2024 visitaron Galicia preto de 15,7 millóns de excursionistas, cifra que na súa maior parte –o 80%- corresponde a movementos dos residentes en Galicia dentro da propia comunidade. Máis de 12,6 millóns de excursionistas son, en síntese, viaxes dun só día dos residentes dentro de Galicia. Un 17% corresponde ao excursionismo estranxeiro, esencialmente de fronteira con Portugal -viaxes dun só día dos portugueses cara á nosa comunidade, que supoñen o 86%- O excursionismo procedente do resto de España ten un carácter residual.


O volume do excursionismo a Galicia descende por segundo ano consecutivo -un 3,7% agora en 2024- pasando de case 17 millóns de excursionistas en 2022 a preto de 15,7 agora neste ano. En consecuencia mantense o volume por debaixo dos valores previos á pandemia –de 2017 a 2019 o volume do excursionismo superaba os 20 millóns-.

Obsérvase un comportamento homoxéneo en función do mercado de orixe. Así, en 2024 descende o excursionismo de ámbito nacional, nun 3% o interno e en máis dun 30% o que procede do resto do Estado, así como o estranxeiro –nun 1,4% neste caso-.

Excursionismo con destino principal Galicia. 2016-24



Procedencia dos excursionistas. Ano 2024



EXCURSIONISMO 2024

En termos de gasto, utilizando novamente as operacións da Enquisa de Turismo de Residentes para o ámbito nacional e FRONTUR/EGATUR para o internacional, estímase que neste ano 2024 o gasto total dos excursionistas en Galicia ascende a 765 millóns de euros, cifra que neste caso supera nun 3% o nivel do pasado ano para igualar a cifra de 2019. O máximo da serie acádase en 2017 con 820 millóns de euros.


O 71% do gasto corresponde ao excursionismo de ámbito nacional—a inmensa maioría de carácter interno- mentres que un 29% provén das visitas dun día dos estranxeiros.

En termos de gasto medio diario obsérvase neste 2024 un comportamento parello dos tres grandes segmentos de mercado. Así, o gasto medio diario do excursionista residente en Galicia supera nun 6,1% a cifra de 2023 -situándose en 41,2 euros por persoa e día- mentres que o que provén de fóra da comunidade sobe un 26% -con 69,1 euros neste caso-. O excursionista estranxeiro gasta de media 81,9 euros, un 7,8% máis que o pasado ano.

Con esta dinámica o excursionismo nacional, tanto o interno como o que provén doutras comunidades autónomas, marca agora en 2024 un máximo da serie histórica en gasto medio diario.

En termos de gasto total as variacións son dispares, con incremento para o interno e internacional e caída para o receptor nacional.

Gasto total do excursionismo en Galicia. 2016-24



Gasto medio diario dos excursionistas, por mercados. Volume e variación 2024/23

	Interno	Recep. Nacional	Internacional
GASTO MEDIO DIARIO	41,2 €	69,1 €	81,9 €
Var. 2024/23	6,1%	26,5%	7,8%

Balance do turismo en Galicia

Marco turístico - Ano 2024



TURISMO
DE
GALICIA

galicia